

O PORTAL DE PRACTICUM DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Coordinadora: Esther Martínez Piñeiro

Descrición dos materiais producidos

Este Proxecto de Innovación Educativa, presentado pola Facultade de Ciencias da Educación, consiste fundamentalmente no deseño, e posta en funcionamento dun portal Web que permita mellorar a xestión, información, seguemento e titorización do Practicum das titulacións da Facultade (inicialmente previsto para Pedagogía e Educación Social, e nunha segunda fase para Psicopedagogía); neste senso os materiais producidos son:

- Base de datos en linguaxe SQL (para a informatización e xestión da información relativa a institucións e usuarios -profesorado, alumnado e titores/as-).
- Interface de usuario baseada en tecnoloxía ASP.NET, que permite o acceso e xestión de dita base de datos.
- Sistema de administración de contidos dinámico "MCS" empregando a tecnoloxía ASP.NET

Descrición das tarefas realizadas por cada membro

- Nome do membro: Grupo de Investigación "Laboratorio de Sistemas"
 - Tarefa realizada: Deseño, adaptación e posta en funcionamento dunha base de datos empregando a linguaxe SQL
 - Tarefa realizada: acceso e xestión da base de datos mediante unha interface de usuario baseada na tecnoloxía ASP.net.
 - Tarefa realizada: Programación dun sistema de administración de contidos dinámico "MCS", empregando a tecnoloxía ASP.net.
- Nome do membro_ Bolseira: Maria Isabel Porta Martín
 - Tarefa realizada: Recopilación da información sobre institucións colaboradoras de Practicum -dispersa entre o profesorado, coordinadores de Practicum, documentación diversa existente no centro, etc.
 - Tarefa realizada: revisión e ordenación desta información existente.
 - Tarefa en proceso: actualización dos datos das institucións e introducción na base de datos.

Grao de cumprimento dos obxectivos do proxecto

- Obxectivo primeiro: Mellorar os procesos de seguemento, titorización e avaliación do alumando de Practicum: 40%
- Obxectivo segundo: Potenciar o desenvolvemento do traballo autónomo do estudante: 40%,
- Obxectivo terceiro: favorecer a eficacia e eficiencia na xestión do rpacticum, que permita unha maior atención e adicación do profesorado ó proceso formativo do alumando: 80%

Grao de cumprimento do plan de traballo

Neste momento o Portal de Practicum de Ciencias da Educación atópase operativo se ben non todas as funcionalidades previstas están implementadas, xa que a complexidade do deseño da base de datos relacional foi moito maior do esperado, debido ó gran número de relacións a considerar entre as distintas entidades xestionadas (alumnado, profesorado, titores, organizacións, etc). Por outra parte, moitas das funcionalidades non implementadas non se recollían no proxecto inicial presentado e foron engadidas no propio proceso de análise e deseño do Portal, tales como as vinculadas á titulación de Psicopedagogía ou á xestión do historial dos titores de Practicum.

Asemade, se ben non estaba inicialmente previsto, o portal constituirá tamén, cando menos, un recurso informativo para o alumando das titulacións de Psicopedagogía e as catro de Mestre impartidas na Facultade de Cineicas da Educación, ó recoller nos seus contidos datos básicos e de interese sobre a organización e desenvolvemento das súas correspondentes materias de Practicum.

Valoración da experiencia

A pesar das dificultades iniciais atopadas, fundamentalmente á hora de adicar a responsabilidade no deseño e desenvolvemento do software, e no deseño da base de datos relacional, o Portal de Ciencias da Educación poderá comenzar a ser utilizado polos seus usuarios en breve, o que constitúe un recurso clave na información e orientación do alumnado ó longo de todo o curso sobre as materias de Practicum –fundamentalmente sobre o seu funcionamento e organización- e no almacenamento, actualización e xestión da información relativa ás institucións colaboradoras, o que é un importantísimo avance de cara a maior adicación do profesorado e dos coordinadores de practicum as súas funcións fomativas e de mellora do desenvolvemento curricular do Practicum.

As potencializadas do Portal, polo seu deseño modular e escalable, e polas funcionalidades que serán implementadas –especialmente as vinculadas á titorización e seguemento do alumnado- leva a facer unha valoración claramente positiva do proxecto desenvolto.